

LIMIAR

Prezados e prezadas congresistas,

Se ben é certo que parece que a Covid-19 nos está a dar un respiro e que a vacinación permítenos vivir con máis tranquilidade, decidimos agardar un ano máis para poder desfrutar da vosa compañía en persoa. Como sabedes, a organización dos congresos sempre require de tempo e esforzo, que se acentúa coa presencialidade. A inestabilidade na evolución desta pandemia fixo que hai uns meses tomásemos a decisión de celebrar a edición deste ano novamente na modalidade en rede. Se o prognóstico máis favorable se cumpre, poderemos celebrar con tranquilidade o próximo congreso na tan ansiada vila de Ponteceso, onde seguen agardando para recibirnos.

Nesta edición contamos con máis de trinta comunicacións (ciencias naturais, matemáticas, física e química, tecnoloxía e interdisciplinares), tres obradoiros (física e química e interdisciplinar), catro conferencias (D. Luis Enjuanes, Dna. María Loureiro, Dna. Elena Cartea e Dna. Déborah García) e un monólogo científico-matemático da man de Víctor Manero. Todo isto desenvolverase en once canais na plataforma Microsoft Teams, en dous días de intenso traballo que agardamos que desfrutedes e vos permitan atopar propostas interesantes para as vosas aulas. Para aqueles encontros informais entre amizades e colegas non deixedes de conectarvos a través das canles dos *cafés*.

Grazas ás persoas que decidides compartir os vosos traballos, investigacións e obradoiros, así como as persoas que asistides e que participades neste foro de intercambio de coñecementos e experiencias, sen vós non sería posible estar a vivenciar o XXXIV Congreso de ENCIGA.

O comité organizador do XXXIV Congreso de ENCIGA

AGRADECEMENTOS

Queremos amosar o agradecemento a persoas e entidades que fan posible a celebración deste congreso:

- Á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade
- Á Universidade de Santiago de Compostela e, en particular, á Facultade de Ciencias
- Ao grupo de investigación CienciaNOSA da USC
- Aos conferenciantes, Dna. Elena Cartea, Dna. María Loureiro, Dna. Déborah García, D. Luis Enjuanes e D. Víctor Manero
- A todas as persoas que presentan comunicación e obradoiros, sen as que o Congreso non sería posible.
- Ao comité científico.
- Aos socios e socias pola súa fidelidade e a todos e todas os/as que vos achegades por primeira vez á nosa comunidade científico/docente por compartir con nós estes días.